



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



CIRCULAR 52/2009

- A todas as Delegacións (*)
- Aos clubs, adestradores e atletas.

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO GALEGO DE MEDIA MARATÓN ABSOLUTO, JUNIOR, PROMESA E VETERÁNS I MEDIA MARATÓN CIDADE DE A CORUÑA A Coruña, 21 de Xuno do 2009

O vindeiro día 21 de xuño celebrarase nun circuito urbano homologado póla RFEA en A Coruña o **Campionato Galego de Media Maratón absoluto, junior, promesa e veterans (ver normativa abaixo)**. Ademais tamén terá lugar a **I Media Maratón Cidade de A Coruña**.

NORMATIVA XERAL DA COMPETICIÓN



Art.1.-ORGANIZACIÓN

A Federación Galega de Atletismo xunto a colaboración co Concello de A Coruña organizará o día 21 de xuño de 2009 en A Coruña o **Campionato Galego de Media Maratón** das categorías junior, promesa, senior e veterán e a **I Media Maratón Cidade de A Coruña**. Tamén colaboran nesta proba Sportzone, La Voz de Galicia, Caixanova, Soria Natural, Coca-Cola, Mapfre e a Secretaría Xeral para o Deporte, ademais dos clubs coruñeses Coruña Comarca, Marineda Atlético e Riazor Coruña.

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



Art.2.- CATEGORÍAS

Proba popular:

Na proba popular existirán as seguintes categorías:

- **Júnior**, nados/as en 1990 y 1991
- **Promesa**, nados/as en 1987, 1988 y 1989
- **Senior**, nados/as dende 1986 ata veteranos
- **Veteranos A**, entre 35 y 39 anos
- **Veteranos B**, entre 40 y 44 anos
- **Veteranos C**, entre 45 y 49 anos
- **Veteranos D**, entre 50 y 54 anos
- **Veteranos E**, entre 55 y 59 anos
- **Veteranos F**, máis de 60 anos

Proba federada:

Poderán tomar parte no **Campionato Galego de Media Maratón** os atletas, homes e mulleres, das categorías junior (1990-91), promesa (1987-88-89), senior (1986 e anteriores ata veterán) e veterán (dende o día que cumpran 35 anos) , sempre que estén en posesión da licenza federativa para a actual tempada. Asemade admitirás a participación de atletas que non pertezan á F.G.A., si ben o farán fora de concurso a tódolos efectos do Campionato Galego.

Según acordo de Asemblea para optar a medalla os atletas estranxeiros deben cumprir as seguintes condicións:

- Ter ficha por un club galego a lo menos nas tres últimas tempadas (incluída a actual).
- Estar censados nalgún concello de Galicia.
- Ter licenza pola FGA.

Art.3.- TROFEOS E PREMIOS

A entrega de premios realizarase na zona da saída e meta a partir das 12:15 Hrs.

Proba popular e federada

Outorgaranse os seguintes premios en metálico tanto en homes coma en mulleres

CLASIFICACIÓN XERAL

- 1º Xeral: 800 euros
- 2º Xeral: 600 euros
- 3º Xeral: 400 euros
- 4º Xeral: 300 euros
- 5ª Xeral: 200 euros
- 6ª Xeral: 100 euros

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



Asemade haberá trofeo para os tres primeiros clasificados de cada categoría.

Proba federada

Entregaranse medallas ós tres primeiros clasificados da proba absoluta e das seguintes categorías: promesa, junior e veterán tanto en homes coma mulleres. Na categoría de veterans considerarase as diferentes categorías de idades .

Dentro do Campionato establecerase paralelamente unha clasificación individual, según a categoría respectiva, e outra por Clubes federados, na categoría absoluta.

Clasificación por clubs federados: sumaráanse os tempos dos tres primeiros clasificados de cada equipo, independentemente da súa categoría.

Computaranse os tempos obtidos polos atletas millor clasificados de cada equipo

Art.4.- DISTANCIA E PERCORRIDO

A proba celebrarase sobre a distancia de 21,097 Km homologada pola Real Federación Española de Atletismo.

O percorrido é o seguinte:

SAÍDA:

Cantón Grande, a carón dos Xardíns de Méndez Núñez.

Segue por Cantón Grande (ida). Avda. da Mariña (ida). Avda. de Montoto (ida). Rotonda Porta Real. Xiro 180°. Avda. de Montoto (vuelta). Avda. da Mariña (volta). Cantón Grande (volta). Cantón Pequeno (ida). Praza de Mina (ida). Sánchez Bregua (ida). Praza de Ourense (ida). Linares Rivas (ida). Avda. Primo de Rivera (ida). Praza da Palloza (ida). Avda. Primo de Rivera (ida). Xiro a esquerda fronte á Casa do Mar. Estrada do Porto (ida). Rotonda de San Diego (ida). Estrada do Porto (ida). Rotonda de Oza (ida). Entrada no Porto Pesqueiro (ida). Xiro de 180° ó remate do primeiro aparcadoiro. Porto Pesqueiro (volta, saída). Rotonda de Oza (volta). Estrada do Porto (volta). Rotonda de San Diego (volta). Estrada do Porto (volta). Xiro á dereita á Avda. Primo de Rivera (volta). Praza da Palloza (volta). Primo de Rivera (volta). Linares Rivas (volta). Praza de Ourense (volta). Sánchez Bregua (volta). Praza de Mina (volta). Cantón Pequeno (volta). Cantón Grande (volta). Paso por liña de Saída.

Complétase o Medio Maratón dando outras 2 voltas completas a iste traxecto.

META:

Cantón Grande, 97 metros despois da liña de Saída.

O percorrido farase por tódolos carrís do tráfico rodado, no sentido do mesmo, agás as beirarúas.

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



Art. 5- INSCRICIÓNS

As inscricións dos atletas tanto federados como non federados farase a través do sistema online na web www.atletismogalego.org con data límite ata o mércores día **17 de xuño ás 20:00 horas**.

Art. 6- HORARIO SAÍDA E RECOLLIDA DORSAIS

O horario de saída está previsto para as 10:00 horas. Os atletas deberán presentarse na liña de saída con 10 minutos de antelación.

Poderanse retirar os dorsais e chips ata 45 minutos antes do inicio da proba na secretaría. Todos os participantes están obrigados a devolver o chip rematen ou non a proba. Os chips que non foran devoltos levarán unha penalización de 10 euros.

Art. 7- CONTROL DA PROBA E AVITUALLAMENTO

Por cuestións organizativas fíxase un tempo máximo para percorrer a distancia de 2 horas e 15 minutos, polo que o control de chegada pecharase ás 12:15 horas. Existirán postos de avituallamento líquido no percorrido, e na liña de meta.

Os únicos vehículos autorizados para seguila proba serán os designados polos organizadores que irán debidamente acreditados e conducidos por persoal da propia organización. Queda totalmente prohibido seguir ós corredores en moto (salvo as

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



acreditadas) o en bicicletas que poderán ser retirados do circuito por calquera membro da Policía Local ou da organización.

Art. 8- RECLAMACIÓNS

Calquera reclamación deberá ser cursada ó xuíz - árbitro da proba, por escrito, nos 30 minutos seguintes á exposición pública das clasificacións da competición, previa fianza de 50 euros, que serán devoltos no caso de ser efectiva a reclamación.

As clasificacións oficiais son competencia única dos membros do Comité de Xuíces e Cronometradores da Federación Galega de Atletismo.

Art. 9- SEGURO DEPORTIVO E SERVICIOS MÉDICOS

Todo os atletas estarán cubertos cun seguro de responsabilidade civil e de accidentes. Asemade haberá suficientes ambulancias e médicos para atender calquera incidencia que puidera producirse.

Art. 10- Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo cas normas da I.A.A.F.

A Coruña, 5 de xuño do 2009

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral FGA

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR

